TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Fam, relativa de LABM. grupos de valoración especial. Ampliación. O *quintillo*. Notas de adorno. Ampliación. *Trino*, *Trémolo*, *Arpexiado*, *Glissando*, *Cadenza ou Fermata*, *Fioritura*.

2ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 6 A 9.

UNIDADE 6:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/4. *Tresillos irregulares*. Fórmulas rítmicas resultado nese compás.

ENTONACIÓN: Escalas *menor oriental* e *hispano-árabe*. Intervalos de 4ª e 5ªX.

AUDICIÓN: Diferenciar as escalas *menor oriental* e *hispano-árabe*. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 4ª e 5ªX ademais dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Escalas. Ampliación: Escala *z'íngara ou menor oriental* e escala *hispano-árabe*. Grupos de valoración especial: *tresillos irregulares*. Articulación ampliación. *Coma de respiración*, *Picado-ligado*, *Subrayado-picado*, *Filado*.

UNIDADE 7:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 5/8. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de SIM. Intervalos de 4ª e 5ªX.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de SIM. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 4ª e 5ªX ademais dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de SIM. Clave de DO en 4ª liña. Compás de 5/8. *Compás asimétrico*. Ritmos característicos deste compás: *Zortziko Diapasón*.

UNIDADE 8:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/4. Grupos de valoración especial: *Septillo*. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala de Sol#m. Intervalos de 6ªM e 3ªm.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala de Sol#m. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 6ªM e 3ªm ademais dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Dobres alteracións. Tonalidade de Sol#m, tonalidade relativa de SIM. Grupos de valoración especial: *Septillo*. Numeración das oitavas. Índices acústicos.

UNIDADE 9:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 12/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: *Escala Cromática*. Intervalos de 6ªm e 3ªM.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da *Escala Cromática*. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 6ªm e 3ªM ademais dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Escalas diatónicas e escala cromática. Compás de 12/4. Ritmo binario e ritmo ternario. Ritmo e métrica (Compás).

3ª AVALIACIÓN:

UNIDADES 10 A 12 E REPASO DE TODO O CURSO.

UNIDADE 10:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 6/8. Grupos de valoración especial. *Dosillo e cuatrillo irregulares*. *Dosillo* en 3 tempos. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: Escala Re $\flat$ M. Intervalos de 2ªm e 7ªM.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala Re $\flat$ M. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 2ªm e 7ªM ademáis dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Re $\flat$ M. Grupos de valoración especial. *Dosillo e cuatrillo irregulares*. *Dosillo* en 3 tempos. *Son e ruído*. Cualidades do son: *Timbre, Altura, Intensidade e Duración*.

UNIDADE 11:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 3/4 e 6/8. Ritmo característico das *Peteneras*. Fórmulas rítmicas resultado deses compases.

ENTONACIÓN: Escala Si $\flat$ m. Intervalos de 2ªM e 7ªm.

AUDICIÓN: Recoñecer os sons da escala Dom. Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos de 2ªM e 7ªm ademáis dos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Tonalidade de Si $\flat$ m tonalidade relativa de Re $\flat$ M. Música popular. *Folclore*. Compás de 3/4 e 6/8. Ritmo característico das *Peteneras*.

UNIDADE 12:

RÍTMICO/MÉTRICOS: Compás de 2/4. Fórmulas rítmicas resultado dese compás.

ENTONACIÓN: *Escalas Mixtas*. Intervalos estudados.

AUDICIÓN: Tonalidades coñecidas. Exercicios de intervalos melódicos e harmónicos estudados con anterioridade.

TEORÍA MUSICAL: Escalas. Ampliación: Escala *pentatónica* ou *pentáfona*. *Escalas mixtas*, maiores e menores. A forma musical. Ampliación: forma A-B-A.

COMPLEMENTO DE ACTIVIDADES DE TEORÍA E A SÚA PRÁCTICA:

Como reforzo e afianzamento no eido da teoría musical e os contidos dela mencionados en cada avaliación farase uso do libro “LA TEORÍA MUSICAL Y SU PRÁCTICA CURSO 4º DE ELEMENTAL” DE MARÍA AGUSTINA PERANDONES MÁNUEL.

EDICIONES TOYS AND DREAMS, seleccionando as partes necesarias o docente para complementar o libro de texto proporcionando copias ou exercicios ós discentes.

TEMPORALIZACIÓN DO LIBRO TEÓRICO-PRÁCTICO :

- 1ª Avaliación:

-40 % das Unidades Didácticas e os seus exercizos. Unidades 1 a 7.

- 2ª Avaliación:

-40 % seguinte á Unidade acabada na primeira Avaliación. Unidades 8 a 15.

-3ª Avaliación:

-20 % restante ata o final do libro, é dicir, deixaríamos un 20 % de marxe na derradeira Avaliación para facer o repaso de todos os contidos traballados durante o curso. Unidades 16 a 19.

VIII. CONTIDOS ESPECÍFICOS POR CURSO DO GRADO PROFESIONAL

A. CURSO PRIMEIRO

Os contidos dos cursos anteriores e ademáis:

a) Contidos rítmicos:

— 2/16, 3/16, 4/16, 6/16, 9/16, 12/16.

— 5/4, 7/4.

— 1/8.

— Uso de calquera tipo de equivalencia.

— Cinquillo regular nun e en dous pulsos.

— Septillo regular nun e en dous pulsos.

— Dobre puntillo.

— Articulación ata a semicorchea en compases de unidade de negra ou negra con puntillo (también en 5/8 e 7/8).

— Articulación ata a corchea en compases de unidade branca ou branca con puntillo.

— Grupos regulares de valoración especial: 2 en 3 e 3 en 2.

— Fusas, semifusas e as súas diferentes combinacións.

— Polirritmia, incluíndo semicorcheas.




- Claves: Sol en 2ª, Fa en 4ª, Do en 3ª, Do en 4ª, e Do en 1ª, e iniciación a Do en 2ª e Fa en 3ª.

b) Contidos de entonación, audición e expresión:

- Entonación en tonalidades con ata catro alteracións propias.
- Tipos de escalas maiores.
- Todos os intervalos simples, incluídas a 4ª aumentada e a 5ª diminuída.
- Lectura interna, sin verificar a entonación, e reprodución de memoria.
- Utilización improvisada dos elementos da linguaxe musical con ou sen proposta previa.
- Dictado a unha voz: en tonalidades con ata tres alteracións propias, coas súas dificultades rítmicas.
- Dictado a dúas voces: en Do M o la m, incluíndo a alteración da sensible no modo menor.
- Compases simples.
- Compases compostos: sempre por graos conxuntos ou notas repetidas de dúas en dúas.
- Graos conxuntos.
- Saltos de 3ª maior ou menor, cuarta, quinta e oitava xusta.
- Intervalos harmónicos: Recoñecemento auditivo de calquera intervalo harmónico simple.
- Acordes: Recoñecemento auditivo de acordes maiores, menores, de 5ª aumentada, de 5ª diminuída e de 7ª de dominante no estado fundamental.
- Identificación auditiva de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, cadenciais, formales, tímbricos e estilísticos en obras de fácil comprensión.

c) Contidos de teoría e análise:

- Relación das claves entre sí.
- Consonancias e disonancias.
- Acordes tonais e modais.



- Cifrado dos acordes tríada (5, 6, 5ª diminuída e 7 en estado fundamental).
- Tonalidades veciñas.
- Modulación a tonos veciños.
- Fraseo.
- Cadenzas.
- Os instrumentos da orquestra sinfónica.

Para poder traballar ditos contidos a temporalización farase como segue:

1ª AVALIACIÓN:

TEMAS 1 A 3.

TEMA 1:

A Modalidade. Idea de modalidade. O tetracordo. Modos gregos. Modos gregorianos. Escala de tons enteiros ou hexátona. Transcripción dos modos a partir doutro son.

- Estudo nº1
- Estudo nº2
- Estudo nº3

TEMA 2:

A Tonalidade. Evolución histórica. Idea de tonalidade. Estructura da tonalidade. Tonalidades modelo. Formación das escalas, armadura dunha tonalidade. Conxunto das tonalidades, armaduras practicables. Tonalidades enharmónicas. Atonalidade. Nomes que reciben a tonalidade e a modalidade noutros idiomas.

- Estudo nº4

TEMA 3:

Harmonía. Idea de harmonía. Acorde. Acordes tríada, clasificación. Estado, disposición e cifrado dos acordes tríada. Clasificación do acorde tríada que formamos en cada grao da escala no modo Maior e no menor.

- Estudo nº5

Coñecemento xeral das claves: fa en 4ª, do en 3ª, do en 4ª, do en 1ª, do en 2ª e fa en 3ª.

2ª AVALIACIÓN:

TEMAS 4 a 6.

TEMA 4:

O transporte. Utilidade do transporte. Transporte escrito e mental. Método para achar a tonalidade resultante. Método para achar a clave no transporte mental. Método para achar as diferencias correspondentes á armadura orixinal e a da tonalidade á que transportamos.

- Estudo nº6

TEMA 5:

Ritmo e métrica. Idea de ritmo, o ritmo na música. O acento. Ritmo binario e ritmo ternario. Fórmula rítmica. Monorritmia e polirritmia. Métrica, compás: a súa relación co ritmo. Acento métrico. Clasificación dos modelos rítmicos en función do seu comezo e do seu final. Tabla de compases simples e compostos, de amalgama ou asimétricos, compases irregulares.

- Estudo nº7
- Estudo nº8

TEMA 6:

A voz. Breve percorrido fisiolóxico. Clasificación e extensión das voces. A entonación, a afinación: fundamentos da entonación. Camiños para a xusta entonación, o estudo dos intervalos.

- Estudo nº9

Coñecemento xeral das claves: fa en 4ª, do en 3ª, do en 4ª, do en 1ª, do en 2ª e fa en 3ª.

3ª AVALIACIÓN:

TEMAS 7 E 8 E REPASO DE TODO O CURSO.

TEMA 7:

Instrumentos musicais. Clasificación dos instrumentos musicais. Tesitura dos instrumentos que forman a orquestra. Claves usadas en cada instrumento e o seu efecto. Instrumentos transpositores. Agrupacións instrumentais. Orquestra sinfónica. Grupos de cámara.

- Estudo nº 10
- Estudo nº 11

TEMA 8:

A forma da música. Idea de forma musical. A repetición, a imitación, a variación, o desenvolvemento como vehículo de expresión musical. Dúas formas musicais: a fuga e a sonata.

- Estudo nº 12
- Estudo nº 13

Coñecemento xeral das claves: fa en 4ª, do en 3ª, do en 4ª, do en 1ª, do en 2ª e fa en 3ª.

Nota: O material didáctico a traballar será propoñonado polo profesorado de linguaxe musical en profesional.

B. CURSO SEGUNDO

Os contidos dos cursos anteriores, e ademais:

a) Contidos rítmicos:

- 8/8, 9/8, 10/8.
- Todo tipo de figuracións.
- Grupos de valoración especial regulares e irregulares: 3 en 4, 4 en 3 e 5 en 3.
- Compases de valor engadido.
- Supresión da barra de compás.
- Subdivisión de compases.
- Todas as claves.

b) Contidos de entoación, audición e expresión:

- Recoñecemento auditivo de cadenzas (perfecta, plagal e rota V-VI).
- Recoñecemento auditivo das seguintes formas musicais: Suite, forma sonata, rondó, canon, fuga e variacións.
- Recoñecemento auditivo dos estilos: Renacemento, Barroco, Clásico, Romántico e Século XX.
- Utilización improvisada dos elementos da linguaxe musical con ou sen proposta previa.
- Dictado a unha voz en tonalidades con ata tres alteracións propias, coas súas dificultades rítmicas, tanto en compases simples coma nos compostos.

- Dictado a dúas voces: dúas alteracións na armadura. Alteracións accidentais do VI e do VII do modo menor.
- Cromatismos e floreos.
- Estructuras rítmicas en compases simples.
- Estructuras rítmicas en compases compostos: e seis semicorcheas por graos conxuntos.
- Cadenzas: Recoñecemento auditivo de cadenzas perfecta, plagal e rota (só V-VI).

c) Contidos de teoría e análise:

- Cualidades físicas do son.
- Sistema físico-harmónico: concepto de serie harmónica e a súa relación co acorde perfecto maior.
- Tesitura e transporte.
- Escalas cromáticas, modais e hexátonas.
- Concepto e tipo de notas de adorno.
- Coñecemento e aplicación dos signos que modifican o ataque dos sons.
- Coñecemento dos signos característicos da escritura dos instrumentos.
- Introducción ás grafías contemporáneas.

Para poder traballar ditos contidos a temporalización farase como segue:

1ª AVALIACIÓN:

TEMAS 1 A 3.

TEMA 1:

Acústica musical. Vibración: período, frecuencia e amplitude. Sistema vibratorio simple e composto. Son, ruído. Propiedades do son. Medios transmisores do son. Velocidade á que se propaga o son. Límites de percepción sonora e para a identificación do son. Son xerador

e os seus harmónicos. Serie harmónica. Maneira de expresar os intervalos en acústica. Maneira de achar a frecuencia dunha nota.

- Estudo nº1
- Estudo nº2

TEMA 2:

Harmonía. O acorde Perfecto Maior como consecuencia da serie harmónica. Acorde de sétima. Estado, disposición e cifrado dos acordes de sétima. O acorde de 7ª Dominante. Modulación. Procedementos empregados para modular: diatónico, cromático, enharmónico.

- Estudo nº3
- Estudo nº4

TEMA 3:

Cadenzas harmónicas. Definición das cadenzas harmónicas, a súa función no proceso tonal. Clasificación das cadenzas harmónicas.

- Estudo nº5

2ª AVALIACIÓN:

TEMAS 4 E 5.

TEMA 4:

Sistema de quintas. Intervalo xerador. Serie de quintas. Clasificación dos intervalos en este sistema. As armaduras, orde de sostenidos e orde de bemoles. Constitución das escalas diatónicas e cromáticas.

- Estudo nº6
- Estudo nº7

TEMA 5:

A afinación dos sons da escala musical. Principais sistemas que determinan a altura dos sons da escala. Sistemas de: Ling Lun, Pitágoras, Aristóteles-Zarlino-físicos, Holder, Sistema Temperado. Vantaxes e inconvenientes de cada un deles. Os instrumentos musicais en relación con estes sistemas de afinación.

- Estudo nº8
- Estudo nº9

3ª AVALIACIÓN:

TEMAS 6 A 8 E REPASO DE TODO O CURSO.

TEMA 6:

A evolución da escritura musical. Breve historia da notación: a escritura musical en Grecia, no Imperio Romano e no Bizantino, notación neumática, notación alfabética, a figura de Guido d'Arezzo, a notación cuadrada, a notación proporcional, a necesidade do compás, a evolución das claves, notación cuadrada. A escritura na actualidade.

- Estudo nº 10

TEMA 7:

Introducción á historia da música. A Idade Media. O Renacemento. O Barroco. O Clasicismo. O Romanticismo. O Impresionismo. Os nacionalismos.

- Estudo nº 11

TEMA 8:

A música no século XX. A grafía contemporánea.

- Estudo nº 12
- Estudo nº 13

En xeral: *Coñecemento de todas as claves*

Nota: O material didáctico a traballar será propoñonado polo profesorado de linguaxe musical en profesional.



IX. CRITERIOS DE AVALIACIÓN NO GRAO ELEMENTAL

- Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión. Este criterio de avaliación pretende comprobar o grao de memoria e capacidade de reproducir con fidelidade a mensaxe recibida tanto nos seus aspectos sonoros como na súa realización motriz.
- Recoñecer auditivamente e percutir o pulso dunha obra ou dun fragmento. Con este criterio de avaliación trátase de constatar a percepción do pulso como referencia básica para a execución rítmica.
- Recoñecer e identificar o acento periódico dunha obra ou dun fragmento. Trátase de comprobar a correcta percepción do acento periódico, base do compás, recoñecendo o

carácter binario, ternario ou cuaternario deste, e o carácter binario ou ternario de cada pulso.

- Manter o pulso durante períodos breves de silencio. Este criterio de avaliación ten por obxecto lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha axeitada execución individual ou colectiva.
- Executar a través da percusión, instrumental ou vogalmente estruturas rítmicas dunha obra ou dun fragmento. Con este criterio de avaliación preténdese constatar a capacidade de encadear diversas fórmulas rítmicas adecuadas ó nivel con toda precisión e dentro dun tempo establecido.
- Reproducir modelos melódicos sinxelos a partir de diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un mesmo feito melódico desde calquera son mantendo correctamente a intervállica do modelo.
- Interpretar vogalmente ou rítmicamente pezas escritas empregando elementos adecuados ao nivel do alumnado. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade de relacionar os parámetros espazo-temporais comúns ao discurso sonoro coa súa representación gráfica.
- Entoar unha melodía ou canción tonal con acompañamento e sen el. Ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación e xusteza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura. De producirse acompañamento instrumental, este non reproducirá a melodía.
- Identificar ou entoar intervalos melódicos maiores, menores e xustos. Este criterio permite detectar o dominio do intervalo por parte do alumnado, como elemento indispensable de aplicación a estruturas tonais ou non.
- Identificar intervalos harmónicos maiores, menores e xustos nun rexistro medio. Procúrase, con este criterio, coñecer a capacidade do alumnado para a audición simultánea entre diferentes relacións intervállicas.
- Identificar intervalos harmónicos sinxelos a partir de diferentes alturas. Este criterio de avaliación constatará a capacidade auditiva do alumno ou da alumna para percibir dous sons simultáneos.
- Aplicar un texto a un ritmo sinxelo. Trátase de avaliar, con este criterio, a capacidade do alumnado para asociar ritmos con palabras ou frases de igual acentuación.

- Interpretar cambios sinxelos de compás e identificalos auditivamente. Inténtase verificar a capacidade de realización práctica e a capacidade de percepción auditiva dos cambios de compás.
- Improvisar estruturas rítmicas sobre unha proposta previa. Con este criterio de avaliación preténdese estimular a capacidade creativa do alumnado aplicando libremente fórmulas rítmicas coñecidas.
- Improvisar melodías tonais breves a partir dunha proposta previa. Este criterio pretende comprobar a asimilación por parte do alumno ou da alumna dos conceptos tonais básicos, facendo uso libre dos elementos propostos.
- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para percibir aspectos distintos (rítmicos, melódicos, cadenciais, formais, tímbricos etc.), tras seleccionar os aspectos que se deban identificar ou ben deixando que se identifiquen libremente os aspectos que resulten máis notorios.

X. CRITERIOS DE AVALIACIÓN NO GRAO PROFESIONAL

- Manter o pulso durante períodos de silencio prolongados. Este criterio ten por obxectivo avaliar unha correcta interiorización do pulso que permita unha execución correcta, sexa de xeito individual ou en conxunto.
- Identificar e executar estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido. Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para encadear diversas fórmulas rítmicas, a aplicación correcta, no seu caso, de cualquier equivalencia si se produce cambio de compás e a interiorización aproximada de diversas velocidades metronómicas.
- Entoar repentizando unha melodía ou canción tonal con ou sen acompañamento, aplicándolle todas as indicacións de carácter expresivo. Este criterio de avaliación ten a finalidade de comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entonación e a afinación xusta nun fragmento melódico tonal con alteracións accidentais que poden ou non provocar unha modulación, facéndose consciente das características


tonais ou modais do fragmento. Si é acompañado instrumentalmente, este acompañamento non debe reproducir a melodía.

- Ler internamente, nun tempo breve e sin verificar a súa entoación, un texto musical e reproducilo de memoria. Trátase de comprobar a capacidade do alumnado para imaxinar, reproducir e memorizar imaxes sonoras de carácter melódico a partir da observación da partitura.
- Identificar ou entoar todo tipo de intervalos melódicos. Este criterio de avaliación permite detectar o dominio do intervalo por parte do alumnado coma elemento de aplicación a estruturas tonais ou non tonais.
- Entoar unha obra atonal con ou sen acompañamento, aplicando as indicacións de carácter expresivo. Trátase de avaliar a aplicación artística a unha obra atonal dos coñecementos melódicos e rítmicos adquiridos. O acompañamento, no seu caso, non reproducirá a melodía.
- Identificar intervalos harmónicos e escribilos no seu rexistro correcto. Búscase coñecer a capacidade do alumnado para a percepción simultánea de dous sons en diferentes relacións interválicas, así como a identificación das rexións sonoras en que se producen.
- Reproducir modelos melódicos, escalísticos ou acordales en diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un feito melódico a partir de diferentes sons, facéndose consciente das alteracións necesarias para a súa exacta reprodución.
- Improvisación vocal ou instrumental de melodías dentro dunha tonalidade determinada. Este criterio pretende comprobar o entendemento por parte do alumnado dos conceptos tonais básicos ó facer uso libre dos elementos dunha tonalidade con lóxica tonal e estrutural.
- Identificar e reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados. Con este criterio avalíase a destreza do alumnado para a utilización correcta da grafía musical e a súa capacidade de relacionar o feito musical coa súa representación gráfica.
- Recoñecer e escribir fragmentos musicais a dúas voces. Preténdese comprobar a percepción e identificación por parte do alumnado de aspectos musicais polifónicos.
- Recoñecer e escribir fragmentos musicais realizados por dous instrumentos diferentes, excluindo o piano. Con este criterio preténdese comprobar que a capacidade auditiva do

alumnado non sofre distorsión cando recibe a mesaxe a través dun vehículo sonoro diferente ó piano.

- Recoñecer auditivamente aspectos cadenciais e formais dun fragmento musical. Por medio deste criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para percibir aspectos sintácticos e estruturais da obra escoitada e denominalos correctamente.
- Recoñecer auditivamente diferentes timbres instrumentais. Preténdese constatar a familiarización do alumnado cos timbres doutros instrumentos diferentes do que consta a súa especialidade.
- Recoñecer auditivamente modos de ataque, articulacións, matices e ornamentos dunha obra ou fragmento. Trátase neste caso de comprobar a capacidade de observación do alumnado de aspectos directamente relacionados coa interpretación e expresión musicais.
- Improvisar vogal ou instrumentalmente sobre un esquema harmónico dado. Este criterio de avaliación vai dirixido a comprobar, dentro do nivel adecuado, a comprensión por parte do alumnado da relación entre harmonía e as voces melódicas.
- Entoar fragmentos memorizados de obras de repertorio seleccionados entre os propostos polo alumno ou alumna. Este criterio trata de avaliar o coñecemento das obras de repertorio e a capacidade de memorización.
- Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical escoitado. Búscase avaliar a capacidade de iniciativa implicando, ademais, o recoñecemento rápido de aspectos rítmicos e expresivos da obra en cuestión.
- Aplicar baixos harmónicos sinxelos, vogal ou gráficamente, a unha obra breve previamente escoitada. Este criterio pretende buscar a asociación melodía-harmonía imaxinando ésta dende a melodía escoitada.
- Situar coa maior aproximación posible a época, o estilo e, no seu caso, o autor ou autora dunha obra escoitada. Trátase dunha proposta para fomentar a curiosidade e a atención do alumnado ó escoitar música, facéndose consciente dos caracteres xerais que identifican estilos e autores.
- Analizar unha obra do seu repertorio instrumental, como situación histórica, autor e características musicais da mesma: harmónicas, formais, tímbricas, etc. Este criterio intenta potenciar os hábitos do estudo intelixente e riguroso, facéndose consciente das circunstancias técnicas e sociais que rodean a obra artística.

XI. AVALIACIÓN



A avaliación farase sempre dacordo con contidos de cada curso. A avaliación e cualificación final dos alumnos realizarase a finais de maio e principios de xuño. A calificación -tanto no grao elemental coma no profesional- expresarase en termos numéricos utilizando a escala de 1 a 10 sin decimais, considerándose positivas as calificacións iguais ou superiores a cinco e negativas as inferiores a cinco. A este respecto , nas ensinanzas elementais, para poder facer a nota media será preciso ter aprobadas todas as diferentes partes integrantes da formación a avaliar, é dicir, ter como mínimo un 5 en teoría e en lectura. Excepcionalmente a un alumno reconeceráselle un aprobado na asignatura, si tendo aprobadas algunha das partes con boas notas e por exemplo non acadase dito 5 noutra das partes. Neste caso será preciso un 4 mínimo nese único apartado suspenso, e sempre que a dita nota media entre todos os apartados fose superior en todo caso ao 5.

En canto aos criterios de avaliación nas ensinanzas profesionais, e tendo en conta que ao contrario que no grao elemental, nestes dous cursos a materia de linguaxe musical condensa contidos tanto de linguaxe como de educación auditiva e vogal, é preciso agrupalos en cinco bloques diferenciados:

-Contidos teórico-prácticos

- Lectura en diversas claves
- Entoación con e sen ritmo
- Ditados melódico-rítmicos e recoñecemento auditivo
- Solfexo e ditados rítmicos

Para facer nota media será preciso ter aprobados catro dos cinco bloques anteriores cun mínimo dun 5 na calificación de cada un deles.

A excepcionalidade detallada anteriormente para o grao elemental (poder aprobar o curso tendo máis dun bloque de contidos suspenso) será tamén contemplada mais só en casos moi concretos e debidamente xustificados por causas médicas/sociais/persoais que obliquen a levar a cabo, polo tanto, unha adaptación curricular que afectará aos criterios de avaliación detallados antes. Estes casos excepcionais serán analizados e avaliados por toda a comunidade educativa pertencente ao departamento de linguaxe musical.

A media de todos os bloques seguirá tendo que dar como mínimo un 5.

O centro organizará no mes de xuño as oportunas probas extraordinarias co fin de facilitar ó alumnado a recuperación das asignaturas con avaliación negativa.

Os alumnos/as que perdan a avaliación continua realizarán un exame sobre os contidos do curso. Dito exame deberá ser solicitado polo alumnado con polo menos un mes de antelación.

XII. PROCEDEMIENTO DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO

A. NO GRAO ELEMENTAL:

- Imitar estruturas rítmicas breves coa voz e coa percusión.
- Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou fragmento, así coma o acento periódico.
- Manter o pulso durante periodos breves de silencio.

- Executar instrumentalmente ou vogalmente estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento.
- Aplicar un texto a un ritmo sinxelo ou viceversa.
- Identificar auditivamente e interpretar cambios sinxelos de compás.
- Entoar unha melodía ou canción tonal con e sen acompañamento.
- Ler internamente, nun tempo dado e sin verificar a entoación, un texto musical e reproducilo de memoria.
- Identificar e entoar intervalos harmónicos ou melódicos maiores, menores ou xustos nun rexistro medio.
- Identificar auditivamente o modo (maior ou menor) dunha obra ou fragmento.
- Reproducir modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas.
- Improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado.
- Improvisar melodías tonais breves.
- Describir con posterioridade a unha audición os rasgos característicos das obras escoitadas ou interpretadas.
- Improvisar individual ou colectivamente pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.

B. NO GRAO PROFESIONAL:

- Manter o pulso durante periodos de silencio prolongados.
- Identificar e executar estruturas rítmicas dunha obra ou fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.
- Entoar repentizando unha melodía, ou una canción tonal, con ou sen acompañamento, aplicándolle totalas indicacións de carácter expresivo.
- Ler internamente, nun tempo breve e sin verificar a entonación, un texto musical e reproducilo de memoria.
- Identificar ou entoar todo tipo de intervalos melódicos. Entoar unha obra atonal, con ou sen acompañamento, aplicando as indicacións de carácter expresivo.
- Identificar intervalos harmónicos e escribilos no seu rexistro concreto.

- Reproducir modelos melódicos, escalísticos ou acordales en diferentes alturas.
- Improvisación vogal de melodías dentro dunha tonalidade determinada. Identificar e reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados.
- Recoñecer e escribir fragmentos musicales a dúas voces. Recoñecer e escribir fragmentos musicais realizados por dous instrumentos diferentes, excluindo o piano.
- Recoñecer auditivamente aspectos cadenciais e formais dun fragmento musical.
- Recoñecer auditivamente diferentes timbres instrumentais. Recoñecer auditivamente modos de ataque, articulacións, matices e ornamentos dunha obra ou fragmento.
- Improvisar vogalmente sobre un esquema harmónico dado.
- Entoar fragmentos memorizados de obras de repertorio seleccionadas entre as propostas polo alumno.
- Aplicar libremente ritmos percutidos a un fragmento musical escoitado. Aplicar baixos harmónicos sinxelos a unha obra breve previamente escoitada.
- Situar ca mayor aproximación posible a época, o estilo e, no seu caso, o autor dunha obra escoitada.
- Analizar unha obra do seu repertorio instrumental: situación histórica, autor, características musicais, harmónicas, formais e tímbricas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula :

Dita concesión podrá facerse en cursos que non sexan final de grao, é dicir, nunca en cuarto de elemental ou sexto de profesional.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os contidos e obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademáis deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá nos contidos e obxectivos do curso anterior desta programación cos mínimos esixibles do curso avaliado. Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está.

A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

